

8º CAMPIONATO GALEGO DE FORMACIÓN PROFESIONAL



Normas de competición

ÍNDICE

1. Normas de competición.....	4
1.1. Ámbito de aplicación.....	4
1.2. Principios básicos.....	4
2. Organización da competición.....	5
2.1. Deberes do organizador da competición.....	5
2.2. Inscripción.....	5
3. Modalidades de competición.....	5
3.1. Tipos de modalidades de competición e número de persoas competidoras.....	6
3.2. Descricións técnicas das modalidades de competición.....	6
3.3. Listas de infraestruturas por modalidade de competición.....	7
3.4. Plan de probas.....	7
4. Seguridade dos equipos e das persoas.....	8
4.1. Política de seguridade da competición.....	8
4.2. Responsabilidades.....	8
5. Persoas participantes na competición.....	8
5.1. Alumnado competidor.....	8
5.2. Persoas titoras.....	9
5.3. Xurado.....	9
5.4. Profesorado experto.....	11
6. Desenvolvemento da competición.....	11
6.1. Acreditación e identificación na competición.....	11
6.2. Acceso aos recintos propios de cada competición.....	11
6.3. Asignación de postos de traballo.....	12
6.4. Dereitos do alumnado competidor.....	12
6.5. Obrigacións do alumnado competidor.....	12
6.6. Materiais e equipamento.....	13
6.7. Comunicacións e incidencias durante a competición.....	13
6.8. Actividades ao final da competición.....	14
7. Avaliación e sistema de cualificación.....	14
7.1. Criterios de avaliación.....	14
7.2. Cualificación.....	14
7.3. Avaliación.....	14
7.4. Resultados.....	14
8. Medallas e certificacións.....	15
8.1. Medallas de ouro e prata.....	15

8.2. Certificacións.....	15
9. Participación nos campionatos nacionais.....	15
10. Procedemento para a resolución de conflitos.....	15
10.1. Resolución no seo da modalidade de competición.....	15
10.2. Resolución polo Comité organizador.....	16
11. Faltas e sancións.....	16
11.1. Tipificación das faltas.....	16
11.2. Sancións.....	16
12. Modalidades de competición.....	16

1. Normas de competición

As normas de competición definen as regras e os criterios aplicables ás condutas, actividades e tarefas relacionadas coa organización e o desenvolvemento do campionato GaliciaSkills.

1.1. Ámbito de aplicación

As normas son de aplicación a toda a competición, independentemente da modalidade que se desenvolva.

Todas as persoas implicadas en calquera aspecto ou fase da competición deberán acatar as presentes normas. As palabras e expresións referidas ao xénero masculino implican tamén ao xénero feminino e viceversa.

1.2. Principios básicos

A organización da competición comprende todos aqueles aspectos necesarios para levar a bo termo o desenvolvemento da competición.

1.2.1. Valores

A integridade, a transparencia, a equidade, a colaboración e a innovación constitúen os principais valores e as bases fundamentais do campionato GaliciaSkills.

1.2.2. Organización da competición

A Dirección Xeral de Formación Profesional convoca cada dous anos o campionato autonómico de Formación Profesional. A Subdirección Xeral de Innovación Profesional e Coordinación co Sistema Produtivo é a encargada da organización do mesmo.

1.2.3. Comité organizador de GaliciaSkills

O Comité organizador de GaliciaSkills é o máximo responsable da organización e o desenvolvemento da Competición GaliciaSkills.

O Comité organizador tomará as decisións respecto a calquera asunto relativo ao desenvolvemento das competicións sempre que non estean contempladas nas presentes normas de competición.

O Comité organizador de GaliciaSkills estará formado por:

- A directora xeral de FP ou persoa en quen delegue, que actuará como presidenta.
- Tres persoas vogais designadas pola Subdirección Xeral de Innovación Profesional e Coordinación co Sistema Produtivo, das cales unha delas actuará como secretario/a.

1.2.4. Relacións públicas e publicidade

A organización será responsable das relacións públicas e da publicidade antes, durante e despois da competición, sen prexuízo das accións que puidesen realizar os centros educativos no seu ámbito de xestión.

GaliciaSkills, en calidade de entidade promotora, resérvase todos os dereitos relativos á competición.

2. Organización da competición

2.1. Deberes do organizador da competición

2.1.1. *Provisión de infraestruturas*

A organización da competición é a responsable de proporcionar os recursos, medios e equipamentos necesarios para o desenvolvemento de cada modalidade de competición.

O alumnado competidor e as persoas que compoñan o xurado deberán achegar as ferramentas e equipos de protección individual establecidos na descrición técnica de cada modalidade de competición.

2.1.2. *Empresas patrocinadoras*

As empresas que patrocinen unha determinada modalidade de competición achegarán a parte de equipamentos e/ou a infraestrutura necesaria para o desenvolvemento da competición, segundo o acordo ao que se chegue con elas.

2.1.3. *Programa da competición*

O Comité organizador elaborará o programa xeral da competición, así como todas as actuacións relativas ás cerimonias de inauguración e clausura.

2.1.4. *Información*

A organización da competición informará aos medios de comunicación daqueles aspectos que consideren relevantes para a difusión da competición.

O Comité organizador facilitará aos centros educativos información suficiente acerca da competición.

2.2. Inscripción

Os centros educativos deberán inscribirse en GaliciaSkills polo procedemento que se notifique.

Cada centro educativo deberá indicar:

- As modalidades de competición nas que participará.
- As persoas competidoras seleccionadas.
- A persoa titora asignada a cada participante.
- A aceptación do tratamento dos datos de carácter persoal e de cesión do dereito de imaxe por parte de todos as persoas rexistradas.

No seu caso, os centros educativos informarán daqueles competidores con discapacidade ou en situación de discapacidade, así como das medidas necesarias para posibilitar a súa participación.

Será obrigatorio proporcionar toda a información que se solicite para poder realizar as correspondentes acreditacións.

3. Modalidades de participación

Para cada edición de GaliciaSkills, as modalidades de participación estableceranse tendo en conta a súa posible inclusión na seguinte convocatoria de SpainSkills.

3.1. Tipos de modalidades de competición e número de persoas competidoras

3.1.1. Modalidades de participación individuais

Serán as modalidades de participación nas que participe só unha persoa competidora por modalidade. Deberán contar polo menos con catro participantes na inscrición definitiva.

3.1.2. Modalidades de participación por equipos

Serán as modalidades de participación nas que participe máis dunha persoa competidora por modalidade. Deberán contar polo menos con catro equipos participantes na inscrición definitiva.

3.1.3. Baixa dunha modalidade de participación

Unha modalidade de participación que superase os requisitos relativos á inscrición provisional, poderá causar baixa da competición se o número definitivo de persoas competidoras é inferior ao establecido. Non obstante, de forma excepcional, poderase autorizar a súa realización cun número inferior de centros.

O Comité organizador informará aos centros educativos desta circunstancia unha vez coñecidos os datos de inscrición definitivos.

3.2. Descricións técnicas das modalidades de participación

A descrición técnica de cada modalidade de participación é o documento que especifica a competencia requirida, o alcance do traballo proposto e os criterios de avaliación da competición, así como os requisitos específicos de seguridade.

Ademais, a descrición técnica determina os materiais e o equipamento propio que o alumnado competidor debe achegar e indica, no seu caso, aqueles prohibidos na competición. A descrición técnica deberá permitir que as persoas competidoras preparen a súa participación indicando os aspectos xerais nos que se baseará a competición.

As descricións técnicas respectarán as Normas de competición.

3.2.1. Elaboración das descricións técnicas

As descricións técnicas de cada modalidade de competición serán elaboradas pola persoa experta correspondente, en colaboración, se se considera necesario, con persoas expertas das empresas patrocinadoras ou do sector produtivo relacionado e serán aprobadas polo Comité organizador da competición.

3.2.2. Contido da descrición técnica

A descrición técnica de cada unha das modalidades de competición indicará a súa denominación oficial e, polo menos, os seguintes elementos:

- Competencia requirida e resumo do traballo proposto.
- Instrucións xerais para o desenvolvemento da competición.
- Criterios de avaliación da competición.
- Equipos e materiais que deben achegar as persoas competidoras e membros do xurado.

- Requisitos específicos de seguridade e saúde.

3.3. Listas de infraestruturas por modalidade de participación

A lista de infraestruturas establece as características técnicas do equipamento e os materiais que debe proporcionar o organizador da competición para o desenvolvemento de cada unha das modalidades incluídas na competición. A lista de infraestruturas comprenderá tanto o material necesario desde o punto de vista técnico como organizativo, incluíndo os datos necesarios para a montaxe das infraestruturas e o desenvolvemento da competición.

Na lista de infraestruturas deberase indicar a desagregación dos elementos que o organizador debe proporcionar e os que son responsabilidade de empresas patrocinadoras e colaboradoras.

A lista de infraestruturas será elaborada polo experto da modalidade de participación correspondente coa colaboración, no seu caso, das empresas patrocinadoras e colaboradoras.

A persoa experta de cada unha das modalidades de participación comprobará que as infraestruturas se dispoñen de acordo co establecido pola lexislación vixente en materia de seguridade e saúde laboral.

A persoa experta de cada modalidade verificará, con antelación ao comezo da competición, que a zona de competición dispón dos elementos necesarios para levar a cabo as actividades indicadas no plan de probas de cada modalidade.

3.4. Plan de probas

O plan de probas é o documento que contén as especificacións para que a persoa competidora ou os equipos de competición poidan desenvolver o traballo práctico proposto e demostren o dominio das habilidades requiridas para iso. Cada unha das modalidades de competición contará cun plan de probas.

O traballo práctico estará estruturado en módulos que se poderán executar e avaliar de forma independente. Para cada módulo indícanse os criterios de avaliación e o esquema de cualificación.

3.4.1. Elaboración do plan de probas

O plan de probas será elaborado pola persoa experta da modalidade de participación correspondente, en colaboración, cando sexa necesario, con representantes das empresas patrocinadoras de acordo coas especificacións contidas na descrición técnica.

Os módulos de traballo definidos no plan de probas elaboraranse tomando como referencia as indicacións contidas na descrición técnica.

3.4.2. Contido do plan de probas

O plan de probas conterá as instrucións detalladas para o desenvolvemento das probas de acordo coas especificacións establecidas na descrición técnica da modalidade de competición correspondente.

3.4.3. Desenvolvemento da competición

O plan de probas deberá permitir que o alumnado competidor demostre as competencias e habilidades establecidas na descrición técnica da modalidade de competición correspondente ao longo do tempo que dure a competición.

Con carácter xeral, a duración do traballo definido no plan de probas non será superior a 12 horas ao longo da xornada e media que dura a competición, polo que o desenvolvemento das actividades ou tarefas necesarias para completar a proba, suporá un máximo de 8 horas de traballo diario para cada persoa competidora.

O plan de probas especificará o esquema de cualificación que deberá corresponderse cos criterios de avaliación que figuran na descrición técnica.

Antes do comezo da execución dos traballos entregarase ao alumnado competidor as especificacións correspondentes a cada módulo do plan de probas e/ou, no seu caso, a cada unha das probas parciais avaliábeis.

3.4.4. Confidencialidade e difusión do plan de probas

A persoa experta da modalidade de participación e as persoas que colaboren na elaboración do plan de probas comprométense a manter a confidencialidade dos mesmos.

O plan de probas darase a coñecer ao alumnado competidor no momento da competición ou cando se considere necesario.

3.4.5. Propiedade intelectual do plans de probas

O plan de probas é propiedade da organización da competición e non pode retirarse da sede da competición nin utilizarse en modo algún sen a autorización correspondente.

4. Seguridade dos equipos e das persoas

4.1. Política de seguridade da competición

Todas as persoas que estean acreditadas para acceder ás zonas de competición deberán cumprir as normas establecidas pola lexislación vixente en materia de seguridade e saúde.

4.2. Responsabilidades

As persoas expertas serán as encargadas de verificar as condicións de seguridade das instalacións e das persoas na área da competición, ao comezo e durante o desenvolvemento da mesma.

5. Persoas participantes na competición

5.1. Alumnado competidor

Cada centro educativo poderá inscribir un competidor ou equipo por cada modalidade de competición.

5.1.1. Requisitos de participación

- Estar matriculados/as en, ou ter finalizado recentemente, algunha ensinanza de FP sostida con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter un máximo de 21 anos cumpridos a 31 de decembro de 2025, excepto na competición de Mecatrónica, Sistemas robóticos integrados, Ciberseguridade e Fabricación aditiva, nas que poderán ter un máximo de 24 anos cumpridos nesa mesma data.
- Non ter participado anteriormente nalgunha edición de SpainSkills.

- Ser seleccionado polo centro educativo no que cursa os seus estudos.

5.1.2. *Alumnado competidor con discapacidade*

O alumnado competidor con discapacidade poderá participar na competición na medida en que a súa discapacidade non lle impida executar o plan de probas dentro do tempo especificado. Para iso, a organización adaptará o posto de traballo de acordo ás características do competidor e, ademais, permitirá que os participantes poidan contar cunha persoa de apoio para realizar actividades que non estean directamente ligadas á competición.

5.1.3. *Dereitos do alumnado competidor*

As persoas competidoras serán tratadas con equidade, honestidade e transparencia en todo momento ao longo da competición, e concretamente terán dereito a:

- Recibir instrucións claras e sen ambigüidades.
- Coñecer o plan de probas ao mesmo tempo que o resto do alumnado competidor.
- Ser avaliadas cun sistema de cualificación que non conceda vantaxe a ningunha persoa competidora en particular.
- Dispoñer da asistencia que puidese necesitar por parte dos membros do xurado e/ou da persoa experta da modalidade de competición, sempre que non constitúa vantaxe respecto ao resto de persoas competidoras.

5.1.4. *Participación das persoas gañadoras en competicións nacionais*

As persoas gañadoras de cada modalidade pasarán a formar parte da selección autonómica representando a Galicia no campionato nacional SpainSkills 2026, sempre que cumpran os requisitos de idade establecidos.

5.2. **Persoas titoras**

Será un/ha docente designado/a polo centro educativo correspondente, preferiblemente de entre o profesorado da persoa competidora, que se encargará da súa preparación. As persoas titoras non poderán acceder á área de competición salvo cando así o indique a persoa experta ou os membros do xurado da modalidade correspondente.

Se o competidor/a resultase campión/a, a persoa titora supervisará o seu adestramento para participar no campionato nacional, europeo e internacional, se se dese o caso.

A persoa titora acompañará ao seu alumno/a participante durante a competición, garantirá o cumprimento das obrigacións e servirá de apoio e de axuda en caso de conflito ou urxencia.

Unha mesma persoa non poderá participar como titor/a en máis dunha modalidade de participación.

5.3. **Xurado**

O xurado é o órgano colexiado encargado de avaliar as actividades desenvolvidas en cada competición segundo o establecido no plan de probas, sendo o responsable da cualificación das mesmas.

5.3.1. *Composición do xurado*

O xurado de cada modalidade de competición constituirase de acordo co seguinte procedemento:

- Un/ha presidente, que será a persoa experta correspondente.
- Un/ha ou máis vogais, en representación do profesorado de formación profesional relacionado coas especialidades convocadas, entre quen se pode incluír aos titores dos competidores.
- Un/ha ou dous/dúas vogais, en representación das empresas que patrocinen a competición e profesionais expertos, de ser o caso.

A persoa experta da modalidade, presidirá o xurado e terá como responsabilidade, cumprimentar os documentos cos resultados das probas.

5.3.2. Funcións do xurado

Os membros do xurado serán responsables de:

- Avaliar as actividades realizadas de acordo ao estipulado nos plans de probas.
- Verificar a idoneidade das ferramentas ou equipos que as persoas competidoras deben achegar á competición.
- Velar para que a competición desenvólvese en condicións de igualdade para todas as persoas que participan.
- Contrastar os seus instrumentos de medida cos das persoas competidoras cando sexa necesario para a avaliación.
- Velar para que a competición desenvólvese en condicións de seguridade e saúde.
- Elaborar unha listaxe coas puntuacións finais do alumnado competidor, indicando a primeira, segunda e terceira clasificación.
- Asesorar ao Comité organizador naqueles aspectos que se lle propoñan.

As persoas titoras que actúen como membros do xurado non poderán avaliar ao alumnado competidor do seu centro educativo.

5.3.3. Presidencia do xurado

A persoa que exerza a presidencia do xurado será responsable de:

- a) Verificar a identidade das persoas competidoras e a súa inclusión como participante, así como o requisito de idade establecido para a modalidade de competición.
- b) Informar ao alumnado competidor ao comezo da competición de:
 - O desenvolvemento da competición.
 - O sistema de avaliación.
 - As normas de comportamento e, no seu caso, as penalizacións.
 - Os horarios da competición.
 - Outras cuestións que consideren oportunas.
- c) Velar polo cumprimento das normas da competición.
- d) Resolver en primeira instancia as reclamacións relativas ao desenvolvemento da competición.

5.4. Profesorado experto

Por cada modalidade de competición o Comité organizador designará unha persoa experta a proposta do Servizo de Orientación e Innovación Profesional.

5.4.1. Funcións da persoa experta

A persoa experta de cada modalidade de competición asumirá as seguintes funcións:

- a) Elaborar a documentación técnica da competición que incluirá:
 - A descrición técnica.
 - O plan de probas.
 - A listaxe de infraestruturas e ferramentas necesarias para a realización das probas.
- b) Configurar os espazos do taller da competición.
- c) Verificar antes do comezo da competición que se dispoña da infraestrutura e dos medios necesarios para o desenvolvemento das actividades programadas de acordo con a descrición técnica da modalidade de competición.
- d) Comprobar a operatividade dos equipos, a dispoñibilidade dos materiais necesarios e o cumprimento das normas establecidas, incluíndo as normas de seguridade, no recinto da competición.
- e) Cumprimentar e verificar a documentación da competición.
- f) Asesorar, no seu caso, ao Comité organizador da competición naqueles aspectos que se lle propoñan.
- g) Resolver as dúbidas que o Comité organizador expoña en relación coa elaboración dos documentos para a competición.
- h) Actuar como interlocutor coas persoas titoras dos competidores.
- i) Promover e apoiar os valores e principios recolleitos no código ético de Galiciaskills e demostrar o seu compromiso coas súas accións.

6. Desenvolvemento da competición

6.1. Acreditación e identificación na competición

Toda persoa debe estar convenientemente acreditada para acceder ás zonas de competición.

A organización da competición é responsable de emitir as acreditacións de todas as persoas que teñan acceso ao recinto da competición e aos espazos específicos das mesmas.

O acceso á zona reservada para a organización estará restrinxido ás persoas acreditadas oficialmente para iso.

6.2. Acceso aos recintos propios de cada competición

As persoas que poden acceder aos recintos específicos de cada competición e que deben estar debidamente acreditadas son:

- Persoas competidoras.
- Membros do xurado.

- Persoas titoras dos alumnos, nos momentos especificados.
- Representantes da organización.
- Outras persoas autorizadas polo Comité organizador.

Acceso dos medios de comunicación: o Comité organizador poderá conceder aos medios de comunicación autorización para o acceso especial a determinadas zonas da sede da competición.

6.3. Asignación de postos de traballo

Os postos de traballo asignaranse ao alumnado competidor por sorteo, estando presentes a persoa experta da modalidade de competición e polo menos un membro do xurado. No acto do sorteo poderán estar presentes, se así o solicitan, os titores dos competidores única e exclusivamente como observadores.

6.3.1. Período de familiarización

Antes de que comece a competición o alumnado competidor deberá dispoñer do tempo fixado na descrición técnica da modalidade, para preparar os seus postos de traballo e familiarizarse cos recursos dispoñibles.

6.3.2. Comprobación dos instrumentos de medida

Os instrumentos de medida que achegue o alumnado competidor serán contrastados cos do xurado cando este así o considere conveniente.

6.4. Dereitos do alumnado competidor

Durante a competición o alumnado competidor terá os seguintes dereitos:

- Ser acreditado convenientemente para o seu acceso aos recintos específicos da competición.
- Ser informado polo xurado do desenvolvemento diario da competición, incluíndo a temporización e as pausas establecidas.
- Dispoñer dos mesmos medios para o desenvolvemento das actividades.
- Solicitar o contraste dos seus equipos cos do xurado nos casos que se considere necesario.
- Ser atendido polos membros do xurado ou persoa experta, cando se lle expoña algunha dúbida razoable en relación coas probas ou os criterios de avaliación.
- Ser avaliado en igualdade de condicións.

6.5. Obrigacións do alumnado competidor

O alumnado competidor deberá actuar en todo momento respectando as normas da competición e as indicacións específicas establecidas polo xurado da modalidade correspondente para o desenvolvemento diario da mesma, e terá en conta, entre outras, as seguintes obrigacións:

- a. Comunicarse cos membros do xurado e coas persoas presentes no recinto da competición co debido respecto e de acordo coas normas específicas establecidas polo xurado para o desenvolvemento da correspondente modalidade de competición.
- b. Respetar as indicacións do xurado para o desenvolvemento da competición. De forma especial teranse en conta as directrices do xurado en relación co uso de dispositivos

móviles durante o desenvolvemento das actividades de competición. O xurado poderá solicitar que se desconecten ou garden durante a competición.

- c. Aplicar as normas de seguridade no uso das ferramentas, equipos e instrumentos implicados na competición.
- d. Responsabilizarse de que se dispón dos instrumentos e equipos que se especifican nas descrições técnicas e que deben ser achegados polo competidor.
- e. Ceder todos os dereitos sobre as imaxes tomadas nas competicións ou eventos relacionados coas mesmas, sen límite xeográfico nin temporal, para a súa utilización non comercial na difusión e promoción da formación profesional.

6.6. Materiais e equipamento

6.6.1. *Falta de elementos que o alumnado competidor debe achegar*

No caso de que unha persoa competidora non dispoña dalgúns dos elementos enumerados na descrición técnica e que deben ser achegados polo alumnado competidor, deberá informar á persoa experta da modalidade correspondente, que o comunicará á persoa titora correspondente e poderá emendalo no prazo que se acorde, ocupándose de todos os gastos que ocasione. En ningún caso interromperase a competición nin se recuperará o posible tempo perdido.

6.6.2. *Materiais de substitución*

O alumnado competidor poderá solicitar materiais de substitución, no caso de que os orixinais proporcionados estean danados ou non estean presentes. Se o dano producido no material é responsabilidade da persoa competidora, o xurado decidirá se se pode ou non repoñer e o que implica para a avaliación da proba.

6.7. Comunicaci3ns e incidencias durante a competición

Durante o horario de competición, o alumnado competidor só poderase comunicar cos membros do xurado ou o coa persoa experta. Calquera comunicaci3n con persoas alleas ao xurado deberá ser autorizada pola presidencia do xurado.

6.7.1. *Comunicaci3n do inicio e do final do traballo diario*

O xurado comunicará ao alumnado competidor cando se deben comezar as probas, momento no que se comezará a computar o tempo da proba.

As persoas competidoras deixarán de traballar cando así o indique o xurado, ben porque a proba conclúese ou porque así o consideren para realizar algunha aclaraci3n relacionada coa competición.

6.7.2. *Confidencialidade do plan de probas*

Os documentos que se entreguen ás persoas competidoras para a realizaci3n das probas permanecerán na área de competición ata a finalizaci3n das mesmas.

6.7.3. *Enfermidade ou accidente*

En caso de enfermidade ou accidente dalgunha persoa competidora informarase o titor do competidor.

O xurado decidirá se a persoa competidora pode recuperar o tempo perdido ou se procede a súa retirada da competición.

6.7.4. *Medidas disciplinarias*

O alumnado competidor que mostre unha conduta fraudulenta ou que se comporte de forma prexudicial para o bo desenvolvemento da competición someterase ao procedemento de resolución de conflitos establecido no apartado 10 deste documento.

6.8. Actividades ao final da competición

O desmantelamento dos talleres e das instalacións non debe comezar antes de que finalice completamente a competición.

As zonas de competición incluíndo os materiais, as ferramentas e o equipamento deben de quedar limpos e ordenados.

7. Avaliación e sistema de cualificación

A proba avaliarase por módulos de acordo co establecido nas descrições técnicas. A persoa que asuma a presidencia do xurado cumprimentará o rexistro correspondente.

7.1. Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación irán acompañados do esquema de cualificación que deberá estar especificado no plan de probas de cada modalidade de competición.

7.2. Cualificación

Entre as puntuacións outorgadas polos membros do xurado que avalíen un módulo, non deberá haber unha diferenza maior de tres puntos. Unha vez cumprido este requisito calcularase a media aritmética das cualificacións obtidas.

Os membros do xurado decidirán en que partes da avaliación poderá estar presentes o alumnado competidor.

7.3. Avaliación

Os resultados finais da avaliación das probas deberán estar completados 2 horas despois de finalizada a avaliación do último módulo da proba.

7.4. Resultados

A persoa que asuma a presidencia do xurado da modalidade de competición remitirá ao Comité organizador os resultados da avaliación, ordenados de maior a menor puntuación e coa asignación de primeiro e segundo clasificado.

7.4.1. Recursos sobre os resultados

Calquera desconformidade cos resultados da avaliación debe comunicarse ao xurado que, en colaboración coa persoa experta e tendo en conta a opinión dos membros do xurado, emitirá unha cualificación definitiva.

Se a desconformidade refírese a aspectos de cálculo e non ás cualificacións, a persoa experta verificará que as operacións correspondentes se realizaron correctamente.

Se persiste a desconformidade co resultado informarase o Comité organizador, que será o que decida en última instancia.

7.4.2. Custodia dos traballos completados

Os traballos completados polo alumnado competidor deben manterse nun lugar seguro ata que os resultados da competición sexan aprobados polo Comité organizador.

No caso de que resulte tecnicamente imposible, tomaranse fotografías dos mesmos baixo a supervisión do xurado. Ditas fotografías, ademais dos documentos de avaliación arquivados, deben permanecer nun lugar seguro dado que poden resultar necesarios para determinar se a avaliación inicial era correcta ou non.

7.4.3. Publicación de resultados

Os resultados oficiais para cada modalidade de competición enumerarán a todas as persoas competidoras, indicando as puntuacións obtidas por cada unha, así como as clasificacións obtidas.

A relación de persoas que obteñan medalla en cada competición será publicada na páxina web de GaliciaSkills.

8. Medallas e certificacións

8.1. Medallas de ouro e prata

As medallas de ouro e prata entregaranse aos participantes que obteñan as dúas mellores puntuacións en cada modalidade de competición.

8.2. Certificacións

O alumnado participante recibirá un diploma acreditativo da súa participación no campionato.

O profesorado recibirá unha certificación de actividade de innovación educativa cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado. Ademais, no caso de que a persoa titora prepare ao alumnado para SpainSkills 2026 recibirá outra certificación equivalente no curso 2025-2026.

9. Participación nos campionatos nacionais

As persoas competidoras que obtivesen a medalla de ouro nas distintas modalidades de competición conformarán o equipo galego que nos representará na seguinte competición nacional SpainSkills.

No caso de que algunha destas persoas declinase participar na competición nacional, será a seguinte mellor puntuación, a persoa que obtivo a medalla de prata, quen represente á comunidade autónoma na correspondente competición.

10. Procedemento para a resolución de conflitos

No caso de que se produza algún conflito aplicarase o procedemento para a súa resolución establecido a continuación:

10.1. Resolución no seo da modalidade de competición

Se a incidencia fai referencia a aspectos concretos da competición dunha modalidade determinada, a persoa competidora ou titora informará ao presidente do xurado, quen en colaboración cos membros do xurado emitirá un veredicto que será comunicado á persoa participante. A emisión do veredicto realizarase no prazo de 2 horas.

10.2. Resolución polo Comité organizador

Se a parte que presenta a incidencia non está de acordo con o veredicto emitido polo xurado, comunicarao por escrito ao presidente do xurado da modalidade de competición, que o trasladará ao Comité organizador.

O Comité organizador tomará a decisión definitiva e comunicarao á persoa competidora e ao xurado.

11. Faltas e sancións

11.1. Tipificación das faltas

As faltas clasificaranse, dependendo da súa incidencia na competición e no respecto debido ás persoas, en:

- Faltas leves: serán consideradas faltas leves aquelas condutas que se detecten en grao de tentativa, pero non tivesen incidencia na competición, nin supoñan falta de respecto ás persoas, tales como tentar utilizar material non autorizado ou copiar doutra persoa competidora, entre outros.
- Faltas graves: serán consideradas faltas graves as condutas que afecten o desenvolvemento da competición ou as que impliquen faltas de respecto ás persoas.
- Faltas moi graves: serán consideradas faltas moi graves aquelas que afectando á propia competición ou ás persoas transcendan ao desenvolvemento da mesma.

11.2. Sancións

- En caso de falta leve, o/a presidente/a do xurado amostrará verbalmente á persoa competidora. Dúas faltas leves serán consideradas como falta grave.
- En caso de falta grave, a persoa competidora será penalizada coa redución de puntos na avaliación. Dúas faltas graves serán consideradas como falta moi grave.
- As faltas moi graves supoñerán a baixa automática da competición.

12. Modalidades de participación

1. Vinte e nove modalidades de competición:

Modalidades de competición	Participación
Carpintaría	Individual
Ebanistaría	Individual
Deseño mecánico-CAD	Individual
CNC Fresado	Individual

Soldadura	Individual
Fontanería e calefacción	Individual
Refrixeración e aire acondicionado	Individual
Electrónica	Individual
Instalacións eléctricas	Individual
Control industrial	Individual
Mecatrónica	Parellas
Sistemas robóticos integrados	Parellas
Pintura do automóbil	Individual
Reparación de carrocería	Individual
Tecnoloxía do automóbil	Individual
Desenvolvemento web	Individual
TIC Administración de sistemas en rede	Individual
Deseño de xogos e animacións 3D	Individual
Cociña	Individual
Panadaría	Individual
Servizo de restaurante e bar	Individual
Recepción hoteleira	Individual
Atención sociosanitaria	Individual
Estética	Individual
Peiteado	Individual
Escaparatismo	Individual
Tecnoloxía da moda	Individual
Floraría	Individual
Xardinaría paisaxística	Parellas

2. Nove modalidades de demostración:

Modalidades de demostración	Participación
Albanelaría	Individual
Revestimento e paneis de xeso	Individual
Ciberseguridade	Parellas
Enerxías renovables	Individual
Fabricación aditiva	Individual
Farmacia e parafarmacia	Individual
Robótica colaborativa	Parellas
Tecnoloxía de laboratorio químico	Individual
Tecnoloxía de vehículos pesados	Individual

3. Catro modalidades destinadas aos Centros de Educación Especial (CEE), nas que poderá participar o alumnado e profesorado dos programas formativos básicos:

Modalidades CEE	Participación
Peiteado	Parellas
Reprografía	Parellas
Servizos de restauración	Parellas
Xardinaría e viveirismo	Parellas